

Referencia:	2020/26666W
Procedemento::	Expedientes de aprobación y modificación de Ordenanzas Fiscales
Interesado:	
Representante:	
NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (493)	

DITAME

Modificación da Ordenanza fiscal para o establecemento e regulación das taxas pola prestación dos servizos de pesada e báscula industrial e punto de almacenamento temporal de residuos de construción e demolición no complexo medioambiental da Baixa Limia, de titularidade do Concello de Muíños.

A Sra. presidenta informa que neste punto tamén vai intervir de D. Javier Bobe Vázquez, xefe de área de Medio Ambiente desta Deputación co fin de que nos aclare e informe en que consiste a modificación deste ordenanza fiscal.

D. Javier Bobe Vázquez explica que no complexo medioambiental de Muíños, existe unha báscula de uso público e conta cunha ordenanza fiscal específica. Na parte da pesaxe ten un moedeiro e non xera problemas. Pero na entrega de residuos sólidos da construción é preciso que o usuario faga unha autoliquidación e pague ao facer a entrega. Na práctica dá problemas que necesitan un axuste, é necesario manexar diñeiro que debe facelo un funcionario público que non existe, xa que é persoal laboral, e polo tanto é necesario facer cambios. Por isto proponse modificar o sistema para que a liquidación se faga con posterioridade. O operario tomará os datos do usuario, toneladas e tipoloxía do residuo. Eses datos se pasan á Tesourería e esta fará a liquidación posteriormente e a tramitará ao usuario. É unha cuestión técnica por operatividade, seguridade e transparencia.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), e de DO (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación artigo 6 da Ordenanza fiscal para o establecemento e regulación das taxas pola prestación dos servizos de pesada e báscula industrial e punto de almacenamento temporal de residuos de construción e demolición no complexo medioambiental da Baixa Limia, de titularidade do Concello de Muíños, coa seguinte redacción:

“A taxa polo servizo de recepción de residuos da construción e demolición regulada nesta Ordenanza esixirase mediante liquidación emitida polo Servizo de Xestión Tributaria e Recadación de Deputación Provincial de Ourense, unha vez prestado o servizo, de acordo cos datos remitidos polo complexo medioambiental da Baixa Limia.

O cálculo da taxa farase de acordo cos datos resultantes da pesada realizada previamente na báscula industrial existente no complexo. A pesada realizarase en presenza do persoal encargado da recepción dos residuos. A persoa que entregue os residuos poderá comprobar a documentación acreditativa de verificación e control metrolóxico da báscula. En caso de desconformidade do interesado co estado da báscula ou co resultado da pesada, non se procederá a recepción dos residuos.

O pagamento das taxas realizarase nos prazos recollidos no artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen na liquidación, nas oficinas de Correos, a través da pasarela de pagos da sede electrónica e a App da Deputación Provincial ou por calquera outro medio que se habilite pola Deputación Provincial.

No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexerase polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación”.

2º.- O presente acordo someterase a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios dos de maior difusión da provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións, que, de ser o caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Unha vez aprobada definitivamente a modificación da ordenanza, procederase á publicación

do texto íntegro resultante da dita modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.